Deputación DA CORUÑA
www.dacoruna.gal
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA
D.L.: C-1-1958
BOP
BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA
XOVES, 21 DE MAIO DE 2026 | JUEVES, 21 DE MAYO DE 2026 | BOP NÚMERO 94

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

AMES

Convocatoria do proceso selectivo para a cobertura en propiedade, mediante oposición libre, dunha praza de arquitecto/a técnico/a correspondente á Oferta de Emprego Público 2025

ANUNCIO

Convocatoria do proceso selectivo para a cobertura en propiedade, mediante oposición libre, dunha praza de arquitecto/a técnico/a correspondente á oferta de emprego público 2025 (BOP nº 250 do 31.12.2025) do Concello de Ames

Expediente 4936/2026

Por Acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 07 de maio de 2026, resolveuse a modificación da convocatoria e das bases para a cobertura dunha praza de funcionario de carreira arquitecto técnico. OEP 2025 do Concello de Ames aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 09.04.2026, ao advertirse un erro na base segunda por constar na mesma as funcións recollidas na RPT dunha praza de arquitecto/a técnico/a que xa está cuberta, e aprobar as bases rectificadas que figuran como ANEXO I para selección e nomeamento como funcionario/a de carreira dun/dunha arquitecto/a técnico/a pertencente a escala de Administración especial, subescala técnica, grupo A, subgrupo A2, e que se transcriben a continuación:

ANEXO I

BASES RECTIFICADAS PARA COBERTURA DUNHA PRAZA DE FUNCIONARIO/A DE CARREIRA, EN PROPIEDADE, DE ARQUITECTO/A TÉCNICO/A. OEP 2025

PRIMEIRA. OBXECTO E PREVISIÓNS XERAIS

As presentes bases teñen por obxecto a regulación da convocatoria e proceso selectivo para a cobertura en propiedade mediante funcionario/a de carreira, dunha praza de arquitecto/a técnico/a que figura como vacante e ten sido obxecto de inclusión para quenda libre ao abeiro da taxa de reposición de efectivos na oferta de emprego público correspondente ao ano 2025 (BOP nº. 250 do 31.12.2025).

Desta convocatoria derivarase tamén e segundo o previsto na base décimo primeira a creación dunha bolsa de traballo que habilitará aos/as aspirantes, segundo a orde resultante da puntuación acadada no proceso selectivo, para futuras incorporacións de persoal temporal coa mesma condición da vacante convocada, e nos supostos e baixo as modalidades de emprego legalmente procedentes.

O sistema selectivo empregado será o de oposición libre, que se desenvolverá con arranxo ao previsto nas seguintes bases.

SEGUNDA. DENOMINACIÓN E CARACTERÍSTICAS DO POSTO.

Clase de persoal: funcionario/a

Denominación: Arquitecto/a técnico/a

Clasificación: Grupo A, subrgrupo A2, escala de administración especial, subescala técnica.

Retribucións: As básicas propias do seu grupo/subgrupo de clasificación profesional, así como as complementarias fixadas para o posto de adscrición correspondente, na RTP vixente (e sen prexuízo daquelas de índole variable ás que, no seu caso, se poda ter dereito).

TERCEIRA. REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES

Para poder tomar parte no proceso selectivo, os/as aspirantes deberán reunir, antes do remate do prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia (en adiante LEPG), e restante normativa concordante, permita o acceso á praza de funcionario/a convocada.

Número de anuncio 2026/3092

b) Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder da idade de xubilación forzosa.

c) Estar en posesión do título, ou estar en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes, de arquitecto/a técnico/a, ou titulación equivalente segundo a normativa estatal vixente en materia de homologación de títulos universitarios, titulación que deberá acreditar mediante documento oficial expedido por organismo competente.

d) Non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas (CCAA), nin estar en situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, que impida o acceso á praza convocada.

e) Non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible coa realización das correspondentes funcións.

Co arranxo no disposto no artigo 54 da LEPG, os/as participantes coa condición legal de persoa con discapacidade, poderán solicitar as adaptacións de tempo e medios que sexan necesarios para a realización das probas, facéndoo constar na solicitude, xunto coas necesidades específicas alegadas para desenvolver o proceso de selección. A estes efectos, e segundo ao disposto no apartado b da disposición adicional primeira da LEPG, considerarase persoa con discapacidade aquela á que se lle teña recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento (ou situación análoga segundo a normativa vixente ao efecto).

f) Estar en posesión do CELGA 4, ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias. En todo caso, e con arranxo ao previsto no artigo 51.2 da LEPG, os/as aspirantes que non acrediten o coñecemento da lingua galega requirido (CELGA 4), deberán realizar unha proba específica de coñecemento da lingua galega, de conformidade co previsto para o cuarto exercicio da fase de oposición e que cualificará os/as aspirante como apto/a ou non apto/a.

g) A participación neste proceso selectivo está suxeita ao pagamento da taxa municipal conforme ao regulado na Ordenanza fiscal reguladora da taxa por dereitos de exame (BOP núm. 246 de 27/12/2013).

CUARTA. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes para tomar parte no proceso selectivo presentaranse, conforme ao modelo que figura no ANEXO I das presentes bases, no rexistro xeral do Concello de Ames ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de 20 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da respectiva convocatoria no BOE.

Xunto coa solicitude, os/as aspirantes deberán achegar a seguinte documentación:

a) DNI, pasaporte ou documento de identificación acreditativo da nacionalidade.

b) Documento acreditativo de estar en posesión ou en condicións de obtelo, na data que remate o prazo de presentación de solicitudes, o título requirido con arranxo ao sinalado no apartado b da base terceira.

c) Certificado de posuír, de ser o caso, o coñecemento da lingua galega sinalado no apartado f da base terceira.

d) Xustificante de ter aboados os dereitos de exame.

e) Os/as aspirantes que precisen adaptación de tempo e/ou medios deberán presentar certificado acreditativo do grao de discapacidade así como escrito no que se especifique o tipo de adaptación que se solicita acompañado de certificado médico xustificativo da adaptación solicitada.

QUINTA. ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía aprobará a lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as xunto coas causas de exclusión, que se fará pública no BOP, no taboleiro de anuncios e na web municipal.

Os/as aspirantes excluídos/as e os/as que non figuren na relación de admitidos/as e excluídos/as, disporán de un prazo de 10 días hábiles, a contar desde o día seguinte á publicación no BOP, aos efectos de subsanación das causas de exclusión ou para advertir dos erros que, no seu caso, se tivera derivado da súa omisión na mesma. Os/as aspirantes que dentro do prazo sinalado non emendasen a súa exclusión ou non alegasen omisión, serán definitivamente excluídos/as do proceso selectivo. De non presentaren reclamacións dentro do prazo, a lista provisional de admitidos elevarase a definitiva.

Transcorrido o prazo, a Alcaldía aprobará a listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as. Nesta resolución designarase aos membros do órgano de selección, titulares e suplentes, e a data, lugar e hora na que se citará ao mesma para a súa primeira sesión (constitutiva) así como para o inicio da primeira proba do proceso selectivo.

Número de anuncio 2026/3092

SEXTA. ÓRGANO DE SELECCIÓN

O órgano de selección será un tribunal formado por 5 membros titulares e os seus suplentes, e comporase dun/unha presidente/a, tres vogais e un/unha secretario/a.

A composición do tribunal adecuarase aos criterios de imparcialidade e profesionalidade, así como aos restantes requisitos previstos nos artigos 60 do TREBEP e o 50 da LEPG. A súa relación nominativa será fixada xunto coa resolución de aprobación da listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as.

Os/as membros e asesores/as do tribunal absteranse de intervir, e o comunicarán á autoridade convocante, cando concorran as causas previstas no artigo 23 da lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar aos/as membros e asesores/as do tribunal segundo o disposto no artigo 24 da citada lei. De darse a abstención ou recusación dalgunha persoa das que forman o tribunal designarase o/a substituto/a.

O órgano de selección poderá dispoñer a incorporación, nos supostos que así o estime oportuno e aos efectos de asistencia e colaboración, de asesores/as. Estes asesores/as terán voz pero non voto e limitaranse á orientación nas especialidades técnicas ou profesionais para cuxo asesoramento foron requiridos.

O tribunal non se poderá constituír nin poderá actuar sen a presenza de ao menos 3 dos seus membros, requiríndose en todo caso a asistencia do/a presidente/a e o/ secretario/a. As resolucións adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes.

En todo o non previsto nas presentes base, o procedemento de actuación do tribunal axustarase ao establecido na normativa aplicable á formación da vontade dos órganos colexiados do sector público.

SÉTIMA. SISTEMA SELECTIVO.

O sistema de selección será o de oposición libre.

A data, hora e lugar de celebración do primeiro exercicio publicarase xunto coa listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as e polos mesmos medios.

Os sucesivos anuncios sobre a realización dos seguintes exercicios e aqueloutros que se poidan derivar do desenvolvemento do proceso selectivo, efectuaranse no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello así como na web municipal.

Os/as aspirantes serán convocados/as para a realización das probas en chamamento único, excluíndose aos que non comparezan agás casos de forza maior debidamente xustificados e apreciados discrecionalmente polo tribunal. Deberán ser identificados/as mediante DNI ou documento equivalente.

A orde de actuación dos/as aspirantes iniciarase pola persoa cuxo cuxo primeiro apelido comece pola letra escollida no sorteo realizado pola Dirección Xeral de Función Pública para determinar a orde de actuación de aspirantes nos procesos selectivos da Xunta de Galicia, desbotando as preposicións dos apelidos compostos (letra “M” – DOG nº 16 de 26/01/2026).

A fase de oposición constará de catro (4) exercicios e a puntuación máxima que poderán acadar os/as aspirantes será de 30 puntos.

Primeiro exercicio.

De carácter obrigatorio para todos os/as aspirantes, excepto aqueles/as que teñan acreditado o curso de perfeccionamento ou CELGA 4 de galego, os/as cales estarán exentos/as de realizar o exercicio.

Consistirá na tradución nun tempo máximo de unha hora dun texto de castelán a galego e doutro de galego a castelán, a proposta do Tribunal. Este exercicio será cualificado como apto ou non apto.

Para a realización deste exercicio os/as aspirantes non poderán utilizar documento ningún de consulta nin medios dixitais ou telemáticos.

Segundo exercicio.

A realización do exercicio consistirá na resolución por escrito, nun tempo máximo de 2 horas, dun cuestionario elaborado polo Tribunal inmediatamente antes do comezo da proba sobre as materias do programa que figura no anexo desta convocatoria. O referido cuestionario consistirá nun test de 100 preguntas, ás que se engadirán 5 de reserva, con 3 respostas alternativas das que só unha será a correcta.

Para a realización deste exercicio os/as aspirantes non poderán utilizar documento ningún de consulta nin medios dixitais ou telemáticos.

Nos supostos en que, por causa de errónea formulación, deba anularse algunha das preguntas, o Tribunal procederá a súa substitución pola que corresponda da lista de reserva, seguindo unha orde correlativa.

Número de anuncio 2026/3092

O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, adxudicando a cada resposta correcta unha puntuación de 0,10 puntos. No caso de anulación de máis de 5 preguntas ratearase a puntuación total, de forma equitativa, entre as restantes que se consideren válidas. As respostas en branco non puntuarán, por cada 2 respostas incorrectas descontarase a puntuación dunha 1 correcta e non se penalizarán aquelas erróneas que puidesen ficar restantes.

Para superar esta proba resultará necesario obter un mínimo de 5 puntos sobre os 10 que se asignan como máximo.

Terceiro exercicio.

Este exercicio consistirá en resolver por escrito, nun tempo máximo de 2 horas e utilizando un espazo limitado para a exposición, 10 preguntas curtas sobre as materias da parte específica do programa que figura no anexo desta convocatoria.

Para a realización deste exercicio os/as aspirantes non poderán utilizar documento ningún de consulta nin medios dixitais ou telemáticos e deberá ser lido ante o tribunal.

O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, a razón de 1 punto como máximo para cada resposta dada a cada unha das preguntas formuladas.

Na valoración terase en conta a orde e claridade estrutural da exposición, o apropiado fundamento legal que se utilice e a capacidade para relacionar as distintas disposicións aplicables; así como se considerará, especialmente, a precisión e síntese das respostas achegadas.

Para superar esta proba resultará necesario obter un mínimo de 5 puntos sobre os 10 asignados como máximo.

Cuarto exercicio.

Consistirá en resolver por escrito, nun tempo máximo de 3 horas, un ou varios supostos prácticos relacionados coas materias da parte específica do programa que figura no anexo desta convocatoria.

Para a súa realización non se poderán utilizar medios dixitais nin telemáticos (salvo calculadora científica estándar), nin calquera outro distinto de textos normativos ou xurisprudencia de publicación oficial en formato papel e instrumental de debuxo.

O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, repartidos equitativamente entre todas as cuestións formuladas.

Na valoración terase en conta a orde e claridade estrutural da exposición gráfica e escrita, a correcta identificación dos feitos presentados, o apropiado fundamento legal que se utilice, a capacidade para relacionar as distintas disposicións aplicables e a lóxica da alegación razoada; así como se considerará, especialmente, a precisión e síntese das conclusións achegadas.

Para superar a proba resultará necesario obter un mínimo de 5 puntos sobre os 10 que se asignan como máximo.

Os exercicios terán carácter obrigatorio e eliminatorio, agás o que deba realizarse para acreditar o coñecemento da lingua galega.

Entre a realización dun exercicio e o seguinte non poderán transcorrer menos de 72 horas ni mais de 45 días naturais.

Durante o desenvolvemento do procedemento selectivo o tribunal poderá requirir aos/as aspirantes que acrediten a súa identidade.

Si durante o desenvolvemento do proceso o órgano de selección tivese coñecemento de que algún/ha aspirante non reúne os requisitos esixidos na convocatoria, acordará a súa exclusión, previa audiencia ao interesado e comunicarallo á Alcaldía. Así mesmo, o tribunal poderá excluír do proceso selectivo durante o desenvolvemento das probas aos/as aspirantes que realicen calquera actuación fraudulenta.

Unicamente se publicará a relación e cualificación dos aspirantes que superaron cada exercicio, o resto terán a cualificación de non apto.

Os aspirantes disporán dun prazo de 3 días hábiles para presentar alegacións á corrección dos exercicios da oposición.

O órgano de selección arbitrará os medios e sistemas que xulgue oportunos para garantir o anonimato dos/as aspirantes na corrección dos seus exercicios.

OITAVA. CUALIFICACIÓN FINAL

A puntuación final e a orde de cualificación dos/as aspirantes, virá dada pola suma das puntuacións obtidas nos distintos exercicios.

En caso de empate nas cualificacións dos/as aspirantes establécese como criterio de desempate a maior puntuación, pola súa orde de celebración, en cada un dos exercicios da oposición. De persistir o empate, resolverase mediante sorteo público convocado cunha antelación mínima de 24 horas.

Número de anuncio 2026/3092

NOVENA. FINALIZACIÓN DO PROCESO SELECTIVO.

Rematado o proceso selectivo, o tribunal declarará aprobado/a ao/a aspirante que obtivese a maior puntuación e elevará á Alcaldía a proposta para o seu nomeamento como funcionario/a de carreira.

O tribunal non poderá declarar que superaron o proceso selectivo un número de aspirantes superior ao de prazas convocadas (1).

En caso de non haber ningún aspirante que superase o proceso selectivo, o tribunal declararao deserto.

DÉCIMA. CONTRATACIÓN DO/A ASPIRANTE SELECCIONADO/A E INICIO DA RELACIÓN DE SERVIZO.

A persoa seleccionada deberá presentar, no prazo máximo de 20 días naturais a contar dende o día seguinte ao requirimento realizado ao efecto (que se realizará o mesmo día en que se publique no taboleiro de anuncios e web municipais a proposta do tribunal sobre o aspirante a nomear como funcionario de carreira):

- Declaración responsable na que fará constar e manifestará (sen prexuízo da responsabilidade na que, no seu caso, e por falsidade na dita declaración, puidese incorrer):

.1 Aceptación expresa da contratación.

.2 Seguir reunindo todos e cada un dos requisitos esixidos, e acreditados, no momento de terse presentado ao proceso selectivo.

.3 Non estar incursa en causa algunha de incapacidade, nin de incompatibilidade, de conformidade coa normativa aplicable vixente, que imposibilite a ocupación e desempeño da vacante convocada.

.4 Non estar en situación de separación, mediante expediente disciplinario, do servizo nas administracións públicas, nin de inhabilitación para o exercicio de empregos públicos, de conformidade coa normativa aplicable vixente, que imposibilite a ocupación e desempeño da vacante convocada.

- Número de afiliación á seguridade social.

- Certificación da conta bancaria na que se farían os seus ingresos nominais.

Se no prazo e forma indicados (agás nos casos de forza maior debidamente motivados, que serán obxecto de apreciación e estimación discrecional e potestativa por parte da Alcaldía), non presentara a documentación requirida, ou da mesma se deducira que non reúne os requisitos esixidos, non poderá ser contratada, e entenderase a renuncia e desestimento dos seus dereitos inherentes; e iso sen prexuízo das responsabilidades nas que, de ser o caso, puidera incorrer por falsidade. A Alcaldía proporá e resolverá, con arranxo á orde de prelación resultante da puntuación acadada na oposición, a contratación dun/ha integrante da bolsa de traballo temporal.

Cumpridos os trámites anteditos, a Alcaldía resolverá o nomeamento da persoa aspirante proposta ao efecto polo tribunal, que deberá incorporarse e iniciar a relación de servizo na data sinalada ao efecto e, en todo caso, no prazo máximo dun mes dende o seguinte ao da publicación da dita resolución de contratación no BOP; de tal xeito que a eficacia desta resolución estará condicionada á posterior e efectiva incorporación no prazo sinalado. Esta resolución de contratación seralle notificada á persoa interesada, e tamén será obxecto de publicación no BOP, DOG, no taboleiro anuncios da sede electrónica, así como na web municipal; e na mesma tamén se procederá á aprobación da bolsa de traballo temporal derivada desta convocatoria, segundo a proposta realizada polo Tribunal.

De non cumprir coa incorporación, no prazo sinalado ao efecto, sen existir causa xustificada (casos de forza maior, debidamente motivados, que serán obxecto de apreciación e estimación discrecional e potestativa por parte da Alcaldía), entenderase que renuncia aos seus dereitos inherentes e non procederá a incorporación efectiva, deixando sen efectos a resolución de contratación previa previa. A Alcaldía proporá e resolverá, con arranxo á orde de prelación resultante da puntuación acadada no concurso-oposición, a contratación dun/dunha integrante da relación complementaria de aspirantes que tiveran superado a fase de oposición (e que conformarán a bolsa traballo temporal).

O nomeamento como funcionario/a de carreira, para a cobertura da praza obxecto de convocatoria, será obxecto de publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica, na páxina web municipal, así como no BOP e no DOG; e isto sen prexuízo da correspondente notificación ao/á interesado/a.

DÉCIMO PRIMEIRA. BOLSA DE TRABALLO.

Na resolución de nomeamento como persoal funcionario de carreira do/a aspirante finalmente seleccionado, tamén se procederá á aprobación da bolsa de traballo temporal derivada desta convocatoria e do proceso selectivo desenvolto; que estará conformada polos/as aspirantes finalmente non seleccionados, pero que tiveran superado todas os exercicios/probas da fase oposición que lle resultaran obrigatorios, e por orde descendente da puntuación acadada. Todo isto sen prexuízo de que, segundo o disposto no artigo 4 do Regulamento para a xestión de bolsas de traballo temporal no Concello de Ames (BOP nº 212, do 7 de novembro de 2018), nos casos nos que o número de opositores que aproben todos os

Número de anuncio 2026/3092

exercicios sexa escaso, a Comisión de Seguimento do Regulamento de Bolsas de Traballo do Concello de Ames poderá propoñer que pasen a formar parte desta bolsa de traballo aqueles/as opositores/as que aprobasen só algún dos exercicios eliminatorios.

Esta bolsa ten por obxecto habilitar unha listaxe de aspirantes, segundo a orde resultante da puntuación acadada no proceso selectivo, para futuras incorporacións de persoal temporal coa mesma condición da vacante convocada, nos supostos e baixo as modalidades legalmente procedentes, segundo o caso.

Coa súa creación e entrada en vigor efectiva substituirase e anularase calquera outra con obxecto e/ou características equivalentes que puidera estar vixente no Concello.

O seu funcionamento e xestión adecuarase ao previsto, ao efecto, no Regulamento para a xestión de bolsas de traballo temporal no Concello de Ames (BOP nº 212, do 7 de novembro de 2018).

DÉCIMO SEGUNDA. RECURSOS

A resolución aprobatoria desta convocatoria e bases reguladoras, e cantos actos administrativos se deriven das mesmas, así como das actuacións do tribunal, poderán ser impugnados, polos/as interesados/as, tanto en vía administrativa como contenciosa, na forma e prazos establecidos pola Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, a Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa ou aqueloutra normativa concordante vixente ao efecto.

DÉCIMO TERCEIRA. DISPOSICIÓNS FINAIS

1. Para todo o non previsto nas presentes bases, o tribunal estará facultado para resolver e/ou interpretar as dúbidas que se puideran presentar e tomar os acordos necesarios para a boa orde e adecuado desenvolvemento do proceso, con pleno sometemento e adecuación ás previsións normativas aplicables ao respecto.

2. Todas as referencias á Alcaldía contidas nas presentes bases entenderanse realizadas ao órgano municipal que, en cada momento, e por previsión legal ou delegación daquela, asuma idénticas competencias.

3. De acordo co disposto no artigo 5 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e Garantía de Dereitos Dixitais, os datos persoais facilitados incorporaranse e manteranse nun ficheiro titularidade do Concello, coa finalidade de poder atender a súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, podendo ser cedidos só nos casos previstos na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e garantías de dereito dixitais. Para exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, na medida en que a lei o permita, dos datos persoais, a persoa interesada deberá comunicalo por escrito ao Concello, achegando copia do documento que acredite a súa identidade.

Número de anuncio 2026/3092

ANEXO I.- MODELO DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

"Sr. Alcalde Concello de Ames

D./D.ª _____, de _____ anos, con DNI _____ e domicilio en _____, n.º ____, piso ____ C.P. _____, da localidade _____, con teléfono _____, e correo electrónico _____ _____

EXPOÑO:

I. Que desexo participar na, CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO A PROVISIÓN EN PROPIEDADE DUNHA PRAZA DE ARQUITECTO/A TÉCNICO/A (FUNCIONARIO/A DE CARREIRA) INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2025 DO CONCELLO DE AMES

II. Que declaro, baixo a miña responsabilidade, reunir todos os requisitos esixidos para poder participar no antedito proceso selectivo (referidos á data de finalización do prazo sinalado para a presentación desta solicitude), segundo o previsto nas súas bases reguladoras, que coñezo e acepto; declarando, ademais, a veracidade do que aquí expoño, así como dos datos que figuran nesta instancia, comprométome a xustificalo documentalmente cando así sexa requirido.

Polo exposto, SOLICITO:

Ser admitido no dito proceso selectivo; achegando, para estes efectos, e con arranxo ao disposto na base 4 das bases reguladoras, a seguinte documentación:

- Copia do DNI, pasaporte ou documento de identificación equivalente e acreditativo da miña identidade e nacionalidade

- Documento acreditativo de estar en posesión, ou en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes, do título de.....….

- Documento acreditativo de estar en posesión, ou en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes, do CELGA 4 (ou equivalentes).

☐ *Sí*

☐ *Non*

-Como aspirante con discapacidade legalmente recoñecida achego certificación/documentación acreditativa de dita condición.

☐ *Sí*

☐ *Non*

- E solicito adaptación para as probas a desenvolver

☐ *Sí*

☐ *Non*

- Elección da lingua de realización dos exercicios:

☐ *Galego*

☐ *Castelán*

Ames, a ..... de ..... de 2026

Número de anuncio 2026/3092

ANEXO II.- TEMARIO

I. Parte Xeral

Tema 1. A Constitución Española de 1978: estrutura e contido.

Tema 2. Organización territorial do Estado na Constitución. As Comunidades Autónomas: sistema de distribución de competencias. A Administración Local na Constitución.

Tema 3. Estatuto de Autonomía de Galicia: características e contido.

Tema 4. Acto administrativo. Concepto, clases e elementos. A eficacia dos actos administrativos. Nulidade e anulabilidade. A notificación: contido, prazo e práctica. A publicación. A revogación de actos. A rectificación de erros materiais e de feito. A executoriedade dos actos administrativos. A execución forzosa. Medios de execución forzosa.

Tema 5. Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. Os interesados no procedemento administrativo. O procedemento administrativo: concepto e clases. Os principios xerais do procedemento administrativo. As normas reguladoras. Dimensión temporal do procedemento administrativo: días hábiles e cómputo de prazos. A recepción e rexistro de documentos.

Tema 6. Fases do procedemento administrativo xeral. Especial incidencia sobre as diferentes maneiras de terminación do mesmo. O silencio administrativo.

Tema 7. Recursos administrativos: concepto e clases.

Tema 8. O municipio: concepto, elementos e competencias. O termo municipal. A poboación municipal.

Tema 9. Competencias propias, compartidas e delegadas. Os servizos mínimos. A reserva de servizos.

Tema 10. Organización municipal. Órganos necesarios e órganos complementarios. O Pleno. O Alcalde. Os tenentes de Alcalde. A Xunta de Goberno Local. Competencias de cada un deles. A participación dos veciños na xestión municipal. Réximes especiais.

Tema 11. Potestade regulamentaria local. Ordenanzas e Regulamentos. Definición. Clases. Procedemento de elaboración e aprobación. Os bandos

Tema 12. Contratos do sector público. Delimitación dos tipos contractuais. Os contratos menores. Órganos de contratación nas Entidades Locais. O perfil de contratante. Preparación dos contratos. Selección do contratista e adxudicación dos contratos. Efectos, cumprimento e extinción dos contratos administrativos. Os Rexistros oficiais de licitadores de empresas clasificadas. O Rexistro de Contratos do Sector Público. A Plataforma de contratación do Sector Público.

Tema 13. Igualdade de xénero na administración pública. Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

II. Parte Específica

Tema 14. Real Decreto Lei 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana. Obxecto, disposicións xerais e condicións básicas de dereitos e deberes. Réxime do solo, regras procedimentais comúns e normas civís.

Tema 15. Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia.

Tema 16. Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia. Exposición de motivos. Principios xerais. Competencia e organización administrativa. Administracións competentes. Competencias e órganos urbanísticos no ámbito da Comunidade autónoma. Competencias urbanísticas no ámbito local.

Tema 17. Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia e Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016. Réxime urbanístico do solo: Solo Urbano, solo urbanizable, os núcleos rurais, solo rústico.

Tema 18. Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia e Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016. Planeamento urbanístico: Disposicións xerais. Plan básico autonómico. Plan xeral de ordenación municipal. Planeamento de desenvolvemento dos plans xerais de ordenación municipal. Execución do planeamento urbanístico.

Tema 19. Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia e Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016. Patrimonios públicos de solo.

Tema 20. Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia e Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016. Fomento da edificación, conservación e rehabilitación.

Número de anuncio 2026/3092

Tema 21. Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia e Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016. Títulos habilitantes de natureza urbanística.

Tema 22. Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia e Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016. Parcelacións.

Tema 23. Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia e Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016. Disciplina urbanística.

Tema 24. Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia. Réxime transitorio.

Tema 25. Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia

Tema 26. Lei 7/2008, de 7 de xullo, da protección da paisaxe de Galicia.

Tema 27. Decreto 19/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as Directrices de Ordenación do Territorio.

Tema 28. Actividades na Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

Tema 29. Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.

Tema 30. Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas en Galicia.

Tema 31. Lei 38/1999, de 5 de novembro, de ordenación da edificación. Esixencias técnicas e administrativas da edificación. Axentes. Responsabilidades e garantías. Disposicións relacionadas coa edificación, redacción de proxectos e dirección de obras.

Tema 32. Real Decreto 1000/2010, de 5 de agosto, sobre visado colexial obrigatorio.

Tema 33. Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.

Tema 34. Real Decreto 314/2006, de 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico da Edificación. Esixencias básicas. Contido do proxecto.

Tema 35. Documento básico DBSUA: utilización e accesibilidade.

Tema 36. Documento básico DBSI: seguridade no caso de incendio.

Tema 37. Documento básico DBHS: salubridade.

Tema 38. Documento básico DBHE: aforro de enerxía.

Tema 39. Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.

Tema 40. Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade de Galicia e Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenrolo e execución da lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.

Tema 41. Real Decreto Lei 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social e o Real Decreto 505/2007, de 20 de abril, polo que se aproban as condición básicas de accesibilidade e non discriminación das persoas con discapacidade para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados e edificacións.

Tema 42. Instalacións de telecomunicacións nos edificios. Real Decreto 346/2011, de 11 de marzo, polo que se aproba o Regulamento regulador das infraestruturas comúns de telecomunicacións.

Tema 43. Instalacións térmicas nos edificios. Real Decreto 1027/2007, de 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Instalacións Térmicas nos Edificios.

Tema 44. Real Decreto 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión de residuos de construción e demolición. Produción e xestión dos residuos da construción e derrubamento. Concepto. Obrigas do produtor de residuos de construción e derrubo.

Tema 45. Medidas preventivas de seguridade e saúde na construción e outras actividades laborais. A Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de riscos e demais normativa aplicable os reais decretos 39, 485, 486, 773, 1215, 1627/1997, 614/2001, 393/2007.

Tema 46. Real Decreto 2267/2004, do 3 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de seguridade contra incendios nos establecementos industriais.

Número de anuncio 2026/3092

Tema 47. Medidas preventivas de control de calidade na construción. Decreto 232/1993, do 30 de setembro, sobre o control da calidade na edificación de Galicia.

Tema 48. Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

Tema 49. Lei 37/2003, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia.

Tema 50. Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

Tema 51. Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia. Decreto 66/2016, de 26 de maio polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia.

Tema 52. Real Decreto Lexislativo 1/2001,de 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas.

Tema 53. Lei 9/2010, do 30 de xullo, de augas de Galicia.

Tema 54. Lei 5/2019, de 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia.

Tema 55. Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

Tema 56. Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

Tema 57. Valoración administrativa do solo e das construcións. Valoración do solo. Aplicación de criterios da lexislación estatal sobre réxime do solo a valoracións. Valor equitativo na expropiación forzosa. O prezo xusto. Valoración das construcións: métodos de valoración. A taxación conxunta.

Tema 58. Contrato de obras: tipos de expedientes de contratación. Formas de adxudicación. Formalización do Contrato. Comprobación da implantación.

Tema 59. Execución do contrato de obras. Dereitos e deberes dos contratistas. Abonos ao contratista. Modificación do contrato de obras. Recepción e liquidación. Revisión de prezos.

Tema 60. Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Ames: Normas particulares en solo Urbano.

Tema 61. Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Ames: Normas particulares en solo de Núcleo Rural.

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Concello de Ames
Finalidades do tratamento	Xestionar a convocatoria e resolución do proceso selectivo para a creación dunha bolsa de persoal de servizos xerais para a rede de comedores escolares do Concello de Ames e o seu mantemento. Verificación dos datos aportados polas persoas candidatas.
Lexitimación para o tratamento	Cumprimento dunha misión realizada en interese público fundamentada na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
Destinatarios dos datos	A fin de darlle a publicidade legalmente esixida a este procedemento publicarase a listaxe de persoas admitidas e excluídas e a resolución do proceso no taboleiro da sede electrónica e na páxina web do Concello de Ames.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís ou retirar o consentimento outorgado, mediante solicitude por escrito presentada no rexistro municipal do Concello (Praza do Concello, nº 2, 15.220, Bertamiráns - Ames) ou por calquera outro rexistro dos establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, e na que especificará cal destes solicita sexa satisfeito.
Contacto delegado/a de protección de datos e información adicional	https://www.concellodeames.gal/gl/atencion-cidada/proteccion-datos-persoais

Ames, a ..... de ..... de 2026

Ames, 13 de maio do 2026

O alcalde

José Blas García Piñeiro

2026/3092